

Situación económica e de xestión

**Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e
Modernización da Administración Local**



Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda,
Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local



Radiografía da situación económica e de xestión

- Delongado proceso de tramitación das facturas.
- Reducido grao de execución do orzamento.
- Problema estrutural na xestión dos proxectos de gasto.
- Lento sistema de contratación pública e existencia de numerosos servizos sen contrato.

Consecuencias:

- **Débedas acumuladas coas empresas concesionarias e fornecedores.**
- **Utilización pouco eficiente dos recursos públicos.**
- **Baixa calidade dos servizos municipais.**
- **Lastre para a economía local pola demora no pagamento municipal.**

Obxectivos procurados:

- ✓ Reducir o período medio de pagamento a fornecedores.
- ✓ Mellorar o grao de execución orzamentario.
- ✓ Axilizar o desempeño da administración electrónica.
- ✓ Realizar un seguimento estrito dos contratos públicos.
- ✓ Licitación dos servizos sen contrato.

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela


Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local



Delongado proceso de tramitación das facturas

Cidade galega con maior demora no período medio de pagamento a fornecedores: 71,45 días en maio.

Ficaron pendentes de pagamento este mes de maio deste ano, 9.656.470 euros, sendo a entidade local galega, con menor porcentaxe de pagamentos realizados (3.394.880 euros) sobre os pagamentos pendentes, 35,2 por cento. O período medio de pagamento a fornecedores sitúase na grande maioría de meses entre abril de 2018 e maio de 2023, por cima dos 30 días, límite legalmente establecido:




Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local



Delongado proceso de tramitación das facturas

- **Moitas empresas tardan meses en cobrar os seus servizos.**
- **O grande número de facturas sen tramitar tradúcese a final de ano nun considerábel volume de OPA (obrigacións pendentes de aplicación) que fican sen pagar até o exercicio seguinte:**



- ✓ **Axilizar a xestión de facturas a través de medidas que dinamicen a administración electrónica.**
- ✓ **Estabelecer unha nova estrutura de centros xestores encargados da tramitación administrativa das facturas.**

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda,
Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local



Reducido grao de execución do orzamento municipal

A 5 de xuño o grao de execución global do orzamento de gastos era de 20,74 por cento cando teoricamente debería atinxir 42,74 por cento, 22 puntos porcentuais máis.

Especialmente significativos son os capítulos VI (Investimentos reais) e VII (Transferencias de capital) onde apenas alcanzan 7,99 e 7,07 por cento, respectivamente.

Nulo grao (0 por cento) de execución en Medio Rural dentro do capítulo VI onde non se executaron os seguintes proxectos:

- **Actividades integrais en vías públicas:** investimentos novos en infraestruturas e bens de uso xeral.
- **Parques e xardíns:** investimentos novos en infraestruturas e bens de uso xeral.
- **Medio rural:** investimentos de reposición en infraestruturas e bens de uso xeral.
- **Camiños veciñais:** investimentos de reposición en infraestruturas e bens de uso xeral.
- **Investimentos novos en infraestruturas e bens de uso xeral.**
- **Camiños veciñais:** maquinaria, instalacións e ferramenta.
- **Medio rural:** Edificios e outras construcións.
- **Medio rural:** Investimentos de reposición en edificios e outras construcións.

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local




Reducido grao de execución do orzamento municipal

Nulo grao de execución tamén en Deportes e dentro do capítulo VI:

- Instalacións deportivas: moblaxe.
- Instalacións deportivas: investimentos de carácter inmaterial.
- Xestión do patrimonio deportivo: investimentos de reposición en edificios e construcións.

O grao de execución dos gastos totais do Concello leva caendo durante os últimos anos de maneira persistente:




Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local



Reducido grao de execución do orzamento municipal

- O reducido grao de execución dos orzamentos municipais xera remanentes persistentes de tesouraría ano tras ano:



- ✓ **Elaboración dun orzamento municipal realista, tendo en conta a capacidade de execución dos departamentos.**

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda,
Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local



Problema estrutural de xestión de proxectos de gasto

- Grande número de proxecto sen executar durante un período longo de tempo. O número de proxectos de gasto sen finalizar que veñen dos anteriores catro anos alcanzan 270, significando 71,81 por cento da contía total de todos os proxectos de gasto sen finalizar. Para moitos destes proxectos foron aprobadas partidas extraordinarias durante o presente exercicio, por exemplo o crédito extraordinario e o suplemento de crédito que sumaban entre ambos case 7 millóns de euros (6.902.551,87 euros, 2.807.770,44 o crédito extraordinario e 4.094.781,43, o suplemento de crédito):
 - Obras de reparación da Praza de Abastos.
 - Reurbanización das rúas Mallou e Nogueira.
 - Melloras e reurbanización da contorna de Conxo.
 - Melloras e reurbanización do barrio de Sar.
 - Terceira fase da rúa Basquiños.
 - Renovación dos parques infantís do Concello.
 - Vía verde.
 - Mellora dos equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras.
 - Obras de saneamento da Sionlla.

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local



Lento sistema de contratación e existencia de numerosos servizos sen contrato

- Existe un grande número de contratos en precario (xa caducados, mais que continúan prestando o servizo) que afectan a servizos esenciais, como son:
 - Subministración de gas a dependencias municipais.
 - Subministración de gasóleo a dependencias municipais.
 - Subministración de carburantes para os vehículos municipais.
 - Limpeza e conserxaría dos centros educativos.
 - Servizo de reprografía.
 - Ligazóns Cloud (telefonía).
 - Mantemento de extintores e bocas de incendio.
 - Mantemento de alarmas.
- ✓ Seguimento estrito dos contratos públicos.
- ✓ Licitación dos servizos sen contrato.

Situación económica e de xestión do Concello de Santiago de Compostela

Concellaría de Economía e Facenda,
Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local



PRINCIPAIS CONSECUCENCIAS

- **Longos períodos de cobranza para as empresas que contratan co Concello que afectan gravemente á súa viabilidade financeira, e en definitiva á súa supervivencia, ao sufrir déficits persistentes de tesouraría, aquelas onde o Concello é un cliente importante no seu volume de vendas.**
- **Expulsión de empresas da contratación municipal que prefiren non facturar ao Concello para evitar a demora na cobranza.**
- **Ineficiente prestación de moitos servizos municipais, afectando ao benestar da cidadanía compostelá.**
- **Demora inxustificada na finalización dos proxectos de gasto municipais.**
- **Perda de fondos europeos e de axudas públicas por non acabar os proxectos subvencionados en tempo.**

Situación
económica e de
xestión do
Concello de
Santiago de
Compostela

Concellaría de Economía
e Facenda,
Persoal,
Contratación e
Modernización
da
Administración
Local



**OBRIGADO
POLA VOSA ATENCIÓN**